

A CULTURA É UN DEREITO

.....

CULTURA EN TODOS OS CONCELLOS

CULTURA PARA TODAS AS PERSOAS

.....

XXIII XORNADA:

RADIOGRAFÍA DA ESCENA MUSICAL ALTERNATIVA

LUIS PÉREZ

Coruñés, millennial por pouco e apaixonado pola música e os seus carreiros audiovisuais desde a máis tenra infancia. Licenciado en Historia pola USC e Master de Edición Xornalística de La Voz de Galicia e a UDC, escribín e falei sobre músicas, películas e outras moitas cousas en Radio Voz, a Voz de Galicia, A Opinión da Coruña, Mondosonoro e Achtung Magazine. Traballei no departamento de Prensa do Resurrection Fest nas súas edicións de 2013 e 2014 e creei o blog A Cova do Zorromono. Exercín tamén de Xurado no concurso Querostar de Carral (2011) e en certame de selección de bandas locais para o Noroeste Pop Rock (2014). Levo decenios picando alí onde me deixan baixo o sobrenome de DJ Zorromono, o que compaxino co meu labor como speaker en veladas de deportes de contacto e o meu traballo diario como profesor de Historia de Secundaria.